

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA  
DO 11 DE XANEIRO DE 2024**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00001127T.

Ratificación da urxencia da convocatoria. ]

Ratifícase a urxencia da convocatoria. ]

2. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00054455H.

Aprobación do programa municipal de conciliación de Entroido 2024. ]

Acórdase:

1. Aprobar a memoria do programa municipal de conciliación de Entroido 2024, que terá lugar os días 12,13 e 14 de febreiro de 2024 nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e CEIP Quiroga Palacios, de acordo coas características recollidas no informe.

2. Aprobar os prezos públicos que se recollen na memoria, que inclúen as bonificacións e as reducións para as familias con escasos recursos. Tal e como se recolle no informe de control financeiro non programable nº 2/2024, de data 10 de xaneiro de 2024, "(...) En todo caso, en relación co cobro material do produto da recadación obtida pola aplicación dos prezos públicos, en canto ingresos públicos que son, remitímonos aos procedementos e procesos que a tal efecto poida establecer ou ter establecido a Tesourería Municipal, ao ser funcións da mesma a xestión, recadación e inspección dos ingresos e que en todo caso, haberán de ser observados."

**Prezos públicos finais ordinarios para as familias coas modalidades:**

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA ENTROIDO (3 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 37,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 23,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 32,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 18,00 €



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**Prezos públicos finais especiais (desconto do 50% ou 100% informe SS do Concello) para as familias coas modalidades:**

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA ENTROIDO (3 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 18,50 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 11,50 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 16,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 9,00 €